

SERVMUNEMER/2023/000002

**CONVENIO REGULADOR PARA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA
AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.**

Vilagarcía de Arousa, 22 de agosto de 2023.

REUNIDOS:

Dunha parte, Don Alberto Varela paz, Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando no seu nome e representación,

E outra, Don Francisco Javier Guillán Busto, con DNI 35.461.978 A, en representación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa con C.I.F. G-36.213.213, domiciliada na praza Ravella nº1, código postal 36.600 de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN:

Primeiro: NORMATIVA DE APLICACIÓN: Existe por un lado a lexislación autonómica, “Lei 5/2007 de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia” e a, “Lei 3/2000, de 22 de decembro, de voluntariado de Galicia”. Por outro lado aplicase a lexislación estatal nos seus preceptos básicos: “Lei 17/2015 de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil”, “Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local”, e o “Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de subvencions” .

Segundo:

A Lei 5/2007 Emerxencias de Galicia establece no seu artigo 48 punto 4. “Las autoridades competentes en materia de protección civil y emergencias, en coordinación con la consellería





de la Administración autonómica competente en materia de voluntariado, promoverán la creación, desarrollo y equipamiento de las organizaciones del voluntariado de protección civil en los términos que se establezcan reglamentariamente”.

Terceiro:

No seu Artigo 31º, de fomento da iniciativa social, a lei 13/2008, indica “o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica (...)”. Establece ademais a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Cuarto: A subvención que se tramita atópase vinculada con actividades de interese público, social e humanitario que se desenvolven de maneira permanente pola Agrupación de Voluntarios de Protección Civil dentro do termo Municipal de Vilagarcía de Arousa, tratándose dunha subvención que polas súas características especiais non poden ser obxecto de convocatoria pública; queda polo tanto acreditado o interese público, social e humanitario da subvención.

Quinto: O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 10.2 da Lei 9/2017 de Subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Vilagarcía de Arousa.

CLAUSULAS:





Cláusula I- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

A presente subvención ten por obxectivo financiar a realización das actividades que se enumeran a continuación:

a) **Autoprotección dos centros escolares:** cursos e practicas de autoprotección a alumnos e mestres, simulacros e revisión dos plans de emerxencia dos centros educativos. E tamén simulacros de evacuación dos edificios Municipais e formación ós empregados municipais.

Os centros escolares teñen que adaptarse no eido da autoprotección dos seus edificios, entre outras as seguintes normativas:

REAL DECRETO 393/2007, de 23 de marzo, por el que se aprueba la norma básica de autoprotección de los centros, establecimientos y dependencias dedicados a actividades que puedan dar origen a situaciones de emergencia.

Orden de 13 de noviembre de 1984, sobre evacuación de centros docentes de educación general básica, bachillerato y formación profesional.

Dende a Agrupación ofrecemoslle-la colaboración neste eido, en:

Formación en emerxencias, evacuación e primeiros auxilios para persoal docente.

Formación en emerxencias, evacuación e primeiros auxilios para alumnos.

Formación en emerxencias, evacuación e primeiro auxilios

Seguimento e axuda na revisión dos plan de autoprotección escolar.

Seguimento e axuda na organización e avaliación dos simulacros de evacuación (obrigatorios por lei)

Os centros educativos pertencen á Consellería de Educación.

b) **Operativos en concentracións humanas, actividades deportivas e culturais**, así como a asistencia preventiva en todo tipo de Dispositivos de Risco Previsible (D.R.P) de eventos organizados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.





Apoio, presenza e cobertura nos D.R.P., coa presenza de Voluntarios e dos medios materiais precisos para a prestación do servizo, previa solicitude por parte do Concello coa antelación suficiente para a organización do servizo.

Os recursos dispoñibles son:

- Persoal en tarefas de protección civil.
- Vehículos.
- Vehículos para riscos específicos.
- Ambulancia.
- Hospital de Campaña.
- Embarcacións.
- Outros.

Este ámbito de actuación afecta con maior intensidade ás Concellarías de Cultura, Servizos Sociais, Seguridade Cidadá, así como ás actividades desenroladas pola Fundación de Servizos Deportivos Municipais.

c) Plan de formación, cursos de formación para os novos voluntarios e cursos de niveis superior para os veteranos.

A Agrupación nótrese de persoal voluntario, ó cal, en compensación pola súa dispoñibilidade e traballo altruísta en prol da sociedade, se lles vai formando en distintas materias, xa que deben ter unha formación multidisciplinar, co fin de actuar con maior profesionalidade en aras dunha mellor calidade da atención prestada.

A atención as emerxencias, precisa dun reciclaxe continuo do persoal adicado a estas tarefas, coa finalidade de actualizar técnicas, protocolos, etc. Por exemplo: actualización en RCP, actualización no manexo desfibriladores, actualización de protocolos de actuación en extinción de incendios forestais, etc.

A formación é un dos pilares importantes da Protección Civil, xa que por unha parte serve para ter persoal mais e mellor formado, e por outra serve como reclamo para atraer a aquelas persoas que queiran formar parte desta Agrupación, prestando a súa colaboración en beneficio da sociedade.





d) Prestación do servizo sanitario con ambulancia, preventivo en eventos organizados polo Concello e colaboración cos distintos servizos Municipais en materia de traslados sanitarios non urxentes.

e) Intervención en emerxencias, colaboración co Servizo Municipal de Emerxencias na actuación en situacións de emerxencia.

Os voluntarios que pola súa formación e actividade ordinaria estean especificamente preparados e equipados para a actuación na resolución de situacións de emerxencias ou que poidan dar lugar a ela, incorporaranse a dito dispositivo baixo as ordes dos mandos xerárquicos establecidos polo Servizo.

Estas actuacións comprenden entre outras:

- Accidentes de tráfico.
- Incendios urbanos e forestais.
- Anegamentos.
- Rescates.
- Intervencións producidas por fenómenos meteorolóxicos adversos.
- Rescates acuáticos.
- Salvamento e socorrismo.
- Actuacións Preventivas COVID-19 (avisos á poboación, sinalizacións, peches de espazos públicos, control de peches, dispositivos de vacinación, cribados, etc..)

f) Cesión en uso para labores de emerxencias e protección civil de tódolos medios materiais dos que dispón a Agrupación de voluntarios, e que son os que se especifican a continuación (sen prexuízo das actuacións que no mesmo se poidan producir ao longo do ano en curso e das que se dará, en todo caso, conta ó Concello).

Os vehículos propiedade da Agrupación, son cedidos en uso ao Concello, para a realización das labores propias de Protección Civil e Emerxencias, a cambio de que o Concello se faga cargo do seu mantemento.





Deste xeito a Agrupación faise cargo de mercalos e poñelos a disposición do Concello, facéndose cargo este dos gastos de combustible, seguros, ITV e reparacións ordinarias.

Os vehículos atópanse nun óptimo estado de conservación, polo que os gastos de reparacións deberían ser mínimos, excepto no caso de se producir un accidente con algún deles.

A cambio o Concello ten a disposición unha cantidade de vehículos dun alto valor.

-BUL (Bomba Urbana Lixeira) IVECO DAILY, matricula 0189FMB, vehículo polivalente equipado con material contraincendios, equipo de excarceración, equipo de rescate en altura, equipos de iluminación, xerador eléctrico, equipos de respiración autónoma, etc...). Vehículo valorado en 150.000€

-BUL (Bomba Urbana Lixeira) RENAULT FIRE & RESCUE, matricula 4634LWV, vehículo polivalente equipado con material contra-incendios, equipo de excarceración, equipo de rescate en altura, equipos de iluminación, xerador eléctrico, equipos de respiración autónoma, etc...). Vehículo valorado en 260.000€

-BRP (Bomba Rural Pesada) IVECO TRAKKER, matricula 7361FTF, vehículo equipado especificamente para o combate de incendios de tipos forestal e rural, conta cunha capacidade de auga de 5000l. e todo o material preciso para o seu cometido. Vehículo valorado en 180.000€

-BNP (Bomba Nodrizza Pesada) IVECO STRALIS, matricula 8039FWG, vehículo equipado para a extinción de incendios de tipo industrial e para o abastecemento de auga en todo tipos de sinistros, conta cunha capacidade de auga de 10.000l e todo o material preciso para o seu cometido. Vehículo valorado en 240.000€

-BNP (Bomba Nodrizza Pesada) IVECO EUROCARGO, matricula 8107JZZ, vehículo equipado para o abastecemento de auga, conta cunha capacidade de 12.000L. Vehículo valorado en 100.000€





-AEA (Auto Escala Automática) MERCEDES 1427F, matricula 1960KMX, Vehículo autoescada destinado a rescates en altura, equipa unha escada de 32m de altura, con cesta de traballo no seu extremo e capacidade para 3 persoas. Vehículo valorado en 300.000€

-BUS (unidade de transporte de persoal) FORD TRANSIT CUSTOM, matricula 7683HWH, vehículo destinado ó transporte de persoal, cunha capacidade de 9 prazas ou 7+1PMR (Persoa Movilidade Reducida, cadeira de rodas) Vehículo valorado en 35.000€.

-UMJ (Unidade de Mando e Jefatura) LAND ROVER FREELANDER II, matricula 7078HCW, Vehículo destinado á coordinación e mando, equipado coas ultimas tecnoloxias en comunicacions e equipamento para a coordinacion de dispositivos de proteccion civil e emerxencias. Vehículo valorado en 40.000€

-AMB (Ambulancia de soporte vital basico) MERCEDES SPRINTER 316CDI, matricula 1596JHR, ambulancia con equipamento sanitario completo con posiblidade de ser medicalizable. Vehículo valorado en 73.000€.

-BRL (Bomba Rural Ligera) NISSAN PICKUP, matricula 4974FLB, vehículo destinado ó transporte de persoal e a extinción de incendios de tipo forestal. Vehículo valorado en 80.000€

-ERS (Embarcacion de Rescate e Salvamento), folio 7ªVILL-3-29-06, embarcación pneumática de 12m de eslora que equipa 2 motores de 250cv. Valorada en 200.000€

-QUAD POLARIS SPORTSMAN 650CC; matricula E6173BDY, cuatriciclo 4x4 para extracción de vítimas de zonas de difícil acceso e das praias, temen empregado polo servizo de salvamento e socorrismo nas praias. Valorado en 10.000€

Gastos que ten o mantemento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

-Seguros de Accidentes e R.C dos voluntarios.





- Manutención, gastos de locomoción e aqueles gastos que lle ocasione a asistencia a cursos ou operativos
- Comunicacións.
- Amortización de vehículos.
- Aluguer de maquinaria, vehículos e equipamento necesario para o desenvolvemento de actividades.
- Adquisición de vestiario e EPI,s.
- Adquisición de novos recursos e medios.
- Material fungible.
- Renovación de material.
- Reparación e mantemento dos medios e recursos.
- Pago de taxas e impostos.

Cláusula II- DEVENGO: A actividade a subvencionar ven constituída polas labores de **COOPERACION** levadas a cabo pola **AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL**, en cada un dos ámbitos recollidos na cláusula I do presente Convenio durante o ano 2023 (gasto elixible dende o 16 de novembro de 2022 ata o 15 de novembro de 2023), concedéndose a cantidade de 65.000 euros e con cargo a partida 135-489 “Protección Civil-Transferencia a outras familias e Institucións sen ánimo de lucro”

Cláusula III- O órgano competente para a tramitación do gasto é o Alcalde-Presidente ou a X.G.L. por delegación.

Cláusula IV- O Beneficiario comprométese a destinala devandita subvención para realizar as actividades fixadas, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.

Cláusula V- TRAMITACIÓN ELECTRONICA MEDIANTE PLATAFORMA DE SUBVENCIONES E REXISTRO ELECTRONICO NA SEDE DO CONCELLO: A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de Xestión de Subvencións**, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> na que terán a súa disposición os **Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir





toda a documentación e unha vez validada, **xerará uns PDFs finais en formato oficial que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da Entidade Beneficiaria e rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.**

Cláusula VI- INICIO PROCEDEMENTO: Para o inicio do procedemento de concesión da subvención e preceptivo que o Beneficiario presente no Rexistro electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) unha copia asinada electronicamente do presente convenio xunto co orzamento de gastos e ingresos para o ano 2023 (modelo anexo I). Presentarase no prazo máximo dun mes a contar dende a recepción do modelo do convenio que será remitido polo departamento do concello que corresponda.

Posteriormente o departamento presentará a documentación anteriormente asinada polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, ao órgano correspondente, para a aprobación da concesión da subvención.

Cláusula VII- PAGO:A presente subvención ten o carácter de **prepagable no 50%**, nos termos do artigo 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, facéndose efectivo o pago anticipado do 50% da subvención concedida, á sinatura e aprobación do Convenio regulador, coa finalidade de poder garantir o funcionamento da agrupación e poder levar a cabo as actividades inherentes á subvención, debido ás dificultades que padecería a Agrupación en caso contrario, co fin de acreditar tal circunstancia, achegarse certificado bancario do saldo medio trimestral da conta da entidade.

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas., procedendo en caso contrario ó perceptivo reintegro. (VER DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA CLÁUSULA IX E NORMAS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN NA CLÁUSULA X).

Cláusula VIII- PRAZO XUSTIFICACIÓN: A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello sempre e cando conten con documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida (gasto elixible do 16 de novembro de 2022 ao 15 de novembro de 2023). Non obstante a **data límite para a presentación da documentación xustificativa é o 30 de novembro de 2023.**





Cláusula IX- DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN:

A entidade, a través de instancia dirixida ao Departamento correspondente do Concello (modelos anexos), deberá presentar no Rexistro Electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a seguinte documentación xustificativa:

- 1.** Anexo I-Balance de ingresos e gastos previstos da actividade. Este documento deberá presentarse xunto co convenio asinado tal e como establece a cláusula V.
- 2.** Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:
 - Introducción/ Xustificación
 - Obxectivos
 - Programación: actividades/servizos desenvolvidos
 - Temporalización
 - Recursos utilizados (humanos e materiais)
 - Avaliación e conclusións
- 3.** Anexo II- Conta Xustificativa (ou tamén chamada memoria económica xustificativa) do custo, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:
 - Importe dos gastos realizados e recollidos no Anexo III que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello.
 - Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
 - Declaracións segundo os puntos b) ata f) da conta xustificativa.
- 4.** Anexo III- relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo).
- 5.** Facturas orixinais cos requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado dende o 16 de novembro de 2021 ata o 15 de novembro de 2022 (ou segundo o período de devengo establecido).
 - a)** Como mínimo conterán:





- nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
- Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
- Descrición detalla (concepto, servizo..) e data de realización da operación.
- Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Este desglose recollerase nos anexos III e IV.
- Recargos, descontos e retencións aplicables.

b) Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

- Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos...etc)
- Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
- As operacións cun importe superior aos 1.000 € non poderán ser pagadas en efectivo, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente.
- No caso do que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 1. “pagado” ou “recibín”,
 2. data do pago
 3. firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
 4. Selo da empresa.

6. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.

7. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:





- A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
- De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6) ou indicación de que a actividade non está realizada.

8. Anexo V- Balance de Ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación .

9. Anexo VI-Declaración responsable ou Certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.

Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro (Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia), unha Declaración Responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a cada beneficiario non supera os 3.000 €, sempre que os destinatarios das subvencións sexan familias ou institucións sen fins de lucro. Neste caso presentase o anexo V.

10. Certificación bancaria do número de conta.

11. Fotocopia DNI do/da representante da Entidade.

12. Fotocopia do NIF da entidade.

13. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.





14. Unha vez finalizado o exercicio 2023, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

Cláusula X- FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRONICO DO CONCELLO

A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de Xestión de Subvencións**, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición **os Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, **xerará uns PDFs finais en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da Entidade Beneficiaria e, rexistrarse na sede electronica do Concello de Vilagarcía de Arousa.**

Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

- Un pdf por cada anexo.
- Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un pdf coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 13 da cláusula VIII do presente convenio **e no mesmo orden en que piden.**
- Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo III)
- Un pdf coas facturas e xustificantes de pago do AnexoIII coas correspondentes facturase os seus xustificantes de pago **ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo** e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).
- Un pdf coa listaxe de facturas entregadas ou a entregar noutras Administracións Públicas (Anexo IV) e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago **ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo** e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da





relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente. (PE: informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas...etc.)

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberán ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.

Cláusula XI- O beneficiario queda obrigado a reflectir , en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia da colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables do Área de Comunicación.

Cláusula XII- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.

Cláusula XIII- O beneficiario poderá ser requirido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.

Cláusula XI- CAUSAS DE REINTEGRO-Procederá o reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.





Cláusula ADICIONAL INFORMATIVA: (optativa segundo o tipo de subvención)- :

1. Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do exercicio 2023, e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
2. Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervinientes afirmanse e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.

A.V.P.C.

O ALCALDE

Asdo.:Fco. Javier Guillán Busto.

Asdo.:Alberto Varela Paz.

